



**INTERCAMBIO
TERRITORIAL**

**COSTA
DA MORTE
(A CORUÑA)**

CADERNO DE CAMPO

➤ CENTRO _____

➤ NOME E APELIDOS _____

➤ CURSO _____ ➤ DATA _____

INTERCAMBIO TERRITORIAL

PROGRAMA

IMPORTANTE: Mirade o programa sempre que o precisedes para saber a actividade que ides realizar e ser puntuais nos puntos de encontro.

■ PRIMEIRO DÍA

Saída do Centro. A hora de saída dependerá do tempo necesario para chegar ao lugar de Lexas, Vimianzo, ás 10:30 h. No Bar d'Sol, que tamén é o estanco de Lexas, estará a esperar o guía que nos acompañará ao longo de todo o primeiro día.

Ás 11:00 h_ Saída acompañados polo guía no autobús cara ao **Cemiterio de Santa Mariña**.

MOI IMPORTANTE: O autobús quedará libre desde as 11:30 h até as 17:30 h que pasará recollervos no aparcadoiro do Faro do Cabo Vilán.

Ás 11:30 h_ Inicio da ruta de **Santa Mariña** ao **Cabo Vilán** polo camiño peonil. Paso pola **Duna de Monte Branco**, onde observaremos a formación desta paisaxe afectada polos ventos e a flora característica. Pasaremos pola **Punta de Beo** e a **Praia do Trece**, onde se explicará a litoloxía existente.

Ás 13:30 h_ Chegada ao **Cemiterio dos Ingleses** (6,2 km), onde pararemos para o xantar. Lembrede que debedes levar o xantar para o primeiro día. No Cemiterio dos Ingleses falaremos de naufraxios, da toponimia da Costa da Morte e do fenómeno do turismo.

Ás 14:15 h_ Continuaremos a ruta cara ao **Faro de Cabo Vilán** (8 km), pasando pola **Praia de Reira**, a **Pedra do Oso**, a **Praia de Area Longa**, a **Praia da Balea** e **A Pedrosa**.

Ás 16:30 h_ Chegada e visita ao **Faro do Cabo Vilán** para falar das actividades económicas propias deste lugar (parque eólico, piscifactoría) así coma os impactos que estas teñen na paisaxe da costa.

Ás 17:30 h_ Recolleranos o bus na explanada do faro para levarnos ao Dolmen de Dombate.

Ás 18:15 h_ Visita guiada ao **Dolmen de Dombate**.

Ás 19:00 h_ Visita guiada ao **Castro de Borneiro**.

Ás 20:00 h_ Recolleranos o bus para levarnos ao albergue Alalá Terra e Sons, en Cabana de Bergantiños.

Ás 20:15 h_ Chegada ao albergue e reparto dos cuartos. Tempo para ducha.

Ás 21:15 h_ Cea no albergue.

COSTA DA MORTE (▲ CORUÑA)



■ SEGUNDO DÍA

Ás 8:00 h_ Erguerse.

Ás 08:30 h_ Almorzo no albergue.

De 09:00 a 09:30 h_ Recollida dos cuartos. Subida das mochilas ao autobús.

Ás 09:30 h_ Subimos ao bus para ir cara o **Miradoiro de Santo Hadrián** en Malpica de Bergantiños.

De 10:00 a 10:30 h_ Explicación da panorámica, **Illas Sisargas** e **Vila de Malpica**.

De 10:30 a 11:00 h_ Traslado a Buño, parada na **igreja de Santo Estevo de Buño** para ir a pé ata o Ecomuseo O Forno do Forte.

De 11:00 a 13:30 h_ Visita guiada ao **Ecomuseo O Forno do Forte**, demostración dun oleiro ao torno, obradoiro de barro e visualización dun documental dunha cocedura tradicional.

De 13:30 a 14:00 h_ Regreso ao albergue.

Ás 14:00 h_ Xantar no albergue.

Ás 14:45 h_ Subiremos ao bus, que nos levará cara a Canduas.

De 15:00 a 16:30 h_ Chegada e visita guiada a **O Baladiño**, un astaleiro de ribeira.

De 16:30 a 18:30 h_ Roteiro a pé desde Canduas á **praia do Curro**. Explicación da formación da **Ría de Corme e Laxe**, marisma, litoloxía, mareas, actividades económicas (berberecho-ameixa), aves migratorias e asentamentos humanos.

Ás 18:30 h_ Fin da actividade. Subimos ao autobús que nos estará esperando no aparcadoiro da praia da Urixeira (desvío en Neaño cara o campo de fútbol das Redondas).

LEMBRADE QUE:

- DURANTE TODA A SAÍDA DIDÁCTICA ESTADES SUXEITOS/AS AO REGULAMENTO DAS NORMAS DO CENTRO, DEBEREDES REALIZAR AS ACTIVIDADES PROPOSTAS TANTO POLO VOSO PROFESORADO COMA POLOS/AS GUÍAS DO PROXECTOTERRA E QUE É IMPRESCINDIBLE RESPECTAR AS HORAS DE SONO PARA CONSEGUIR UN ÓPTIMO RENDEMENTO PERSOAL E DO GRUPO.



DUNA DO MONTE BRANCO

SABIAGES QUE... A duna do **Monte Branco** (Camariñas), con 150 m de alto, é a duna rampante máis alta da Península Ibérica.

- As dunas fórmanse pola **acumulación** de


transportada

polo -----.



- As plantas que viven aquí teñen **adaptacións** como -----
longas ou follas ----- para resistir o vento e a falta de -----.

- Escribide o nome e debuxade **unha planta** que vexades nunha duna.



- Por que **non se debe** pisar a duna? -----

- Que consecuencias pode ter o **turismo masivo** sobre as dunas? -----



PRAIA DO TRECE

SABIADES QUE... A Praia do Trece é unha das máis perigosas da Costa da Morte debido ás súas correntes, aos fondos rochosos e á forte exposición aos ventos atlánticos.

- Localízade nun mapa e anotade entre que **dous cabos** está a enseada do Trece?

- Observade a praia: é máis ben **plana ou con moita pendente**?

- Que **forma** ten a Praia do Trece?

rectangular

triangular

semicircular

- Que tipo de **materiais** vedes: area, grava, pedras grandes...?

- Observade o horizonte: credes que é unha costa **aberta ou protexida**? Xustificádeo.

- Por que credes que moitos **naufraxios** ocorreron nesta zona e non noutras máis protexidas?

- Que tipo de costa é **máis perigosa** para a navegación: recta e aberta ou con rías? Por que?



CEMITERIO DOS INGLESES



- O Cemiterio dos Ingleses lembra o **naufraxio do barco** _____, ocorrido no **ano** _____.
- Os corpos pertencían a mariñeiros de **nacionalidade** _____.
- O número de **falecidos** ascendeu a _____.
- As persoas enterradas aquí eran _____, quen non recibiron **sepultura** no cemiterio _____ **por motivos** _____.
- Que **elementos da paisaxe** explican este naufraxio? Marcade dous:
 - correntes
 - baixos rochosos
 - temporais
 - praias de area fina



A TOPONIMIA

- Por que esta zona recibe o nome de **Costa da Morte**? _____
- Que **sentimentos** vos transmite este lugar?
 - tranquilidade
 - respecto
 - medo
 - reflexión
 - outros: _____
- Que **planta** deu orixe a nomes como Camariñas? _____
- Esta planta é:
 - invasora
 - endémica
 - tropical



SABIAGES QUE... Un coído é unha pequena enseada ou tramo de praia cheo de pedras (croios) arredondadas pola acción do mar; é dicir, unha “praia de cantos rodados”.



- Marcade a opción correcta: A **erosión** do litoral **nun coído** é un proceso:
 construtivo destrutivo decorativo
- Rodeade o que credes que fai **máis dano** á rocha:
a auga o sal a area impulsada polo mar
- Escollede a **palabra correcta** para encher os ocos:
 - A maioría dos coídos teñen unha forma _____ (redondeada / angular).
 - A súa superficie é _____ (lisa / rugosa), o que indica un proceso de _____ (erosión / sedimentación)



FARO VILÁN

SABIADES QUE... O Cabo Vilán é un promontorio granítico con cantís duns 70 m de altura. Sobre del ergueuse o faro actual construído despois do naufraxio do *Serpent* no ano 1896. A torre mide 24 m de altura, polo que sumado ao promontorio, a luz do faro acada case os 100 m de altura sobre o nivel do mar.



- ▶ Que **novidade tecnolóxica** tivo este faro? _____
- ▶ O **roteiro discorre** maioritariamente paralelo ao _____
- ▶ Rodeade no mapa os elementos humanos máis visibles en Cabo Vilán.
Estes son: _____
- ▶ Credes que estes espazos deben **ser máis turísticos ou máis protexidos**?
Por que? _____

- ▶ Escribide **tres palabras que definan** esta costa:

SABIAGES QUE... Este xacemento presenta a peculiaridade de acoller dous monumentos nun mesmo recinto denominados Dombate antigo e Dombate moderno.

➤ Marcade a **época** en que ambos foron construídos:

Paleolítico

Neolítico

Idade Media

➤ O **dolmen** era:


unha casa

unha tumba

un castelo

➤ Observade a planta do dolmen e escribide no lugar correspondente o **nome que se describe a continuación**:

- O espazo principal onde se realizaban os enterramentos
- O espazo alongado que comunica co exterior
- As pedras colocadas en vertical
- A pedra horizontal superior



- ▶ Cantas **pedras grandes chantadas verticalmente** no chan forman a cámara principal? _____
- ▶ Que **tipo de rocha** se utilizou para construílo? _____
- ▶ De onde **procedían** esas pedras? _____
- ▶ Todo o conxunto estaba **coverto** por un _____ que o protexía.



Observe a **orientación do dolmen** no plano e complete.

- ▶ O **corredor do dolmen** está orientado cara ao _____
- ▶ Esta orientación podería estar **relacionada** co movemento do _____ ou con _____ relixiosas.
- ▶ Isto indica que as comunidades do Neolítico tiñan **coñecementos básicos** de _____

SABIADDES QUE... Na entrada do corredor do Dolmen de Dombate apareceron uns idoliños.

- ▶ Reparede neles e **debuxádeos**.



➤ Que **función** poderían ter nese lugar?

Visítade a replica que está no Centro de Interpretación.

➤ **As pinturas** do Dolmen de Dombate localízanse principalmente nos
----- da cámara.

➤ Predominan **cores** como o ----- e o -----.

➤ Que **formas** aparecen? Debuxádeas.

liñas

espirais

triángulos

círculos



Amais de pinturas, acháronse
gravados.

➤ A que se semellan?
Como se lles chamou?




➤ Por que o dolmen está protexido **dentro dunha estrutura**?

ATENCIÓN!: LEMBRATE QUE NON DEBES PISAR OS MUROS DAS CONSTRUCIÓN S DE TODO O RECINTO.



SABIADDES QUE... É un dos máis antigos de Galicia e o primeiro que contou cunha datación científica de C-14. Estivo habitado entre o s.IV a C e o s.I d C (Idade do Bronce) e foi abandonado dun xeito lento e non violento.



Sitúade a **entrada do castro** no plano.

- Cara onde está **orientada**? -----
- En que lugar se sitúa a zona do castro **sen escavar**? Rodeádea no plano.

- Hai **algo escavado** nela? Que é? -----
- Debuxade todas as **tipoloxías de vivenda** que atopedes dentro da croa do Castro de Borneiro. Elixide coma modelo as que máis vos gusten, pero as que debuxedes do natural tedes que **situalas primeiro no plano**.



Buscade a **fonte**.

• Rodeádea no plano. Por que non ten auga?

• Que función tiñan as **pedras** que se atopan **no medio das vivendas**?

• Como se chaman? -----

• Son todas iguais? -----

• Por que? -----

• Onde está a **torre de vixancia**? -----

• Localízadea no plano.

• Credes que está situada no lugar axeitado? -----

• Por que? -----

• Que hai **entre a primeira e a segunda muralla**? -----

• Que función tiñan? -----

• Por que están aí e non noutro lugar? -----

• Marcade esas construcións no plano.

SABIADDES QUE... Nas escavacións atopáronse numerosas pezas de cerámica e bronce.

• Mirade a contorna. Tendo en conta a proximidade ao **mar**, a unha **mina** de ferro, as **terras** e as **instalacións** do castro, escribide que actividades económicas poderían desenvolver as persoas que o habitaron.

SABIADAS QUE... Algúns consideran que as illas Sisargas marcan o comezo da Costa da Morte. Este arquipélago, situado no océano Atlántico e a 900 metros da costa do cabo de Santo Hadrián, está formado por tres illas: Sisarga Grande, Malante e Sisarga Chica e os illotes Chaldreu, O Xaceiro e Magnánimo.

- Marcade a **opción correcta**:
 - No **Holoceno**, hai uns 10.000 anos, crese que as illas:
 - A) Afastáronse máis do continente
 - B) Estiveron unidas ao continente
 - C) Formáronse por erupcións
 - D) Quedaron cubertas por xeo
 - **A Sisarga Grande** está formada por:
 - A) Basaltos
 - B) Granitos de dúas micas
 - C) Calcarias
 - D) Arxilas
 - **Malante e Sisarga Chica** están formadas por:
 - A) Ortogneises
 - B) Granitos de dúas micas
 - C) Calcarias mariñas
 - D) Xistos volcánicos
 - Segundo o Padre Sarmiento, **o nome Sisargas provén do latín**:
 - A) Insulas Atlanticas
 - B) Insulas Caesaricas
 - C) Insulas Graniticas
 - D) Insulas Marinas
 - Por que teñen as Illas Sisargas unha enorme **importancia**?
 - a) Pola presenza de volcáns
 - b) Pola nidificación de varias especies de aves mariñas
 - c) Polo seu uso agrícola
 - d) Pola existencia de minas antigas

SABIADES QUE... Desde aquí se ofrece unha ampla panorámica sobre a vila de Malpica, Seiaia, as illas Sisargas e, se o día está claro, de todo o golfo Ártabro.

- Tentade identificar e logo **marcade no mapa**: Malpica de Bergantiños, praia de Razo, porto exterior da Coruña, Torre de Hércules, costa de Mera, Cabo Poriño. Trazade **unha liña no mapa** que parta de onde estades ata os lugares que podeades ver.






ECOMUSEO FORNO DO FORTE. BUÑO. MALPICA DE BERGANTIÑOS


SABIADES QUE... Este Ecomuseo expón a tecnoloxía e a maneira de vida tradicional dos oleiros de Buño. É un conxunto formado por casas de familias oleiras que contaban con vivenda, taller, forno, alpendre e cabazo.



- Colocade na planta do recinto do Ecomuseo o nome das súas **dependencias**: cabanote, forno, cabazo, vivendas, entrada, salas de exposición.



- Esta é a **planta do primeiro andar** do ecomuseo. Escribide o nome das dependencias.



- Poñede en orde o **proceso de fabricación dunha peza de barro** por un oleiro:

alisado - torneado - pisado na pía - cocedura - cribado - amasado -
secado - almacenaxe do barro no cabanote - vidrado - extracción do barro -
traslado do barro en carros - enornado - barutado

- Que tipo de **combustible** se empregaba para cocer as pezas e como se conseguía?

- Antigamente, que **pezas** eran **máis comúns** e para que se usaban? Rodeade o correcto.

cociña adorno almacenamento xoias transporte uso mariñeiro

- Como se **transmitía** o oficio? _____

- Que papel tiñan **as mulleres** no proceso? _____

SABIADES QUE... As carpinterías de ribeira son obradoiros á beira do mar dedicados á construción e reparación de embarcacións.

- ▶ Unha carpintería de ribeira adoita ter:
 - Unha zona de trazado e montaxe.
 - Unha zona para botar e varar as embarcacións chamada _____
 - Unhas ferramentas específicas.

SABIADES QUE... Por que se instaláron na ría de Corme e Laxe? A localización dos estaleiros en zonas de ribeira/esteiro, coma este do río Anllóns, débese a que son espazos máis resgardados cá costa aberta e máis operativos para varar e botar con marea.

- ▶ Pero ademais disto, **descubride outras razóns** sinalando cales dos seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos:
 - Instaláronse na ría de Corme e Laxe porque as augas son tranquilas e están abrigadas por montes, pero con acceso directo ao mar.
 - Instaláronse na ría de Corme e Laxe sobre todo porque a ría ofrecía unha maior profundidade constante xunto á beira, facendo innecesario dispoñer dun areal amplo para varar e botar.
 - Instaláronse na ría principalmente porque había grandes portos industriais con maquinaria moderna.
 - A existencia dun areal longo facilitaba construír, mover e botar as embarcacións.
 - Escolleron esa zona porque as augas eran moi bravas e expostas, o que melloraba o traballo dos carpinteiros.
 - Instaláronse na ría de Corme e Laxe porque a abundancia de madeira nos bosques de Cabana reducía custos e tempos de subministración.
 - A localización escolleuse porque a madeira debía traerse maioritariamente de fóra da comarca, e a ría facilitaba o transporte desa materia prima por mar.

SABIADES QUE... As rías son quizais o elemento máis singular da costa de Galicia. A auga do mar penetra terra a dentro creando un litoral moi recortado.

A súa orixe é diversa: unhas, como as Rías Baixas orixináronse por mor da intensa rede de fracturas do terreo, o que permitiu que o mar avanzase cara o interior.

As Rías Altas son o resultado da acción combinada da dinámica fluvial e da mariña.

E outras, como é o caso da Ría de Arousa son antigas fosas tectónicas.

As rías son **paisaxes**:

- simples diversas uniformes complexas

Por que as rías foron lugares de **asentamento humano** desde a Prehistoria? (marcade as correctas)

- abrigo dos ventos recursos mariños
 suavidade do relevo perigos constantes

Cales son as **actividades económicas** que se desenvolven a carón da ría de Corme-Laxe? _____

A ría de Corme-Laxe é:

- moi grande pequena a máis longa de Galicia unha lagoa

Esta ría **formouse** por:

- acción volcánica fallas tectónicas
 glaciares impacto dun meteorito

Como se chama este **tipo de ría**? _____

O nome **Monte Branco** relaciónase con:

- neve area sal cal

Por que a **area** sobe polo monte? _____

- ▶ Observade a paisaxe e a imaxe. Logo **colocade** estes nomes: barra, frecha, illa, duna, esteiro.



SABIAGES QUE... Os esteiros son desembocaduras fluviais onde se produce un contacto da auga do río coa do mar, constituíndo ecosistemas moi produtivos debido ao elevado contido en nutrientes e ricos en fitoplancto.



- ▶ Que tipos de **aves** viven aquí?

anátidas limícolas rapaces pingüíns

- ▶ Citade o nome das máis comúns.

- ▶ O **observatorio** leva o nome de: -----

- ▶ Desde **onde veñen** moitas das aves que pasan por aquí?

SABIADES QUE... A marisma é unha zona pantanosa inundable e influída pola marea que se localiza na desembocadura do río. Nela hai confluencia de auga salgada e doce.

➤ Marcade a **opción correcta**:

A **marisma** é:

seca

pantanosa

montañosa

rochosa

➤ Por que son tan importantes estes **ecosistemas**? _____

➤ Lede o poema de **Eduardo Pondal**:

Monte Branco, monte Branco
cando te vejo de longe
verto a soas triste pranto
Pois as nosas alegrías
ós dous nos foron fallando
a tí das túas areas
os ventos te despoixano
a min tamén me falecen
aqueles gustos pasados
¡Ti negreas ¡eu teño a cabeza
chea de cabelos brancos!



Eduardo Pondal

➤ Que **elementos naturais** do lugar aparecen no poema? _____

➤ Credes que fala só da **paisaxe** ou tamén de **sentimentos**?

➤ Credes que a paisaxe pode **inspirar** sentimentos? _____

➤ Cal vos **inspira a vós** este lugar? _____



CRÉDITOS

► Edita

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Proxectoterra

Praza da Quintana, 3

15704 Santiago de Compostela, A Coruña, España

Tel. +34 981 552 400 | Fax +34 981 561 658

proxectoterra.coag.es | proxectoterra@coag.es

► Coordinación Proxectoterra

Sheila García Prado

► Autora do material e revisión lingüística dos textos

Rocío Romar Roel

► Ilustradora

Blanca Escrigas Fernández

► Coordinación e xestión da edición

Axencia Gráfica Xaniño

► Agradecementos

Mariluz Imia Rivera



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia



AXENCIA DE PROTECCIÓN
DA LEGALIDADE URBANÍSTICA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA
E PLANIFICACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADE E
FORMACIÓN PROFESIONAL